

# CUADRANTE



Dos escenificaciones desconocidas

El eco de la palabra (valleinclaniana)

"La rosa de papel" de Valle-Inclán e o "Orfeón Los Amigos": unha sociedade coral pontevedresa de finais do século XIX

Valle-Inclán frente a la gran guerra: una entrevista de Luis G. Urbina al escritor recién llegado de Francia

Dos Do Vale de Bares aos Del Valle-Inclán de Sobrám

El transitus perceptivo en "La lámpara maravillosa" de Valle-Inclán

Un conto de Valle-Inclán e os montes comunais galegos

Rumbos de "La pipa de kif"

Nº 23

Los Amigos  
Valle-Inclán  
Vilanova de Arousa



FUNDACIÓN  
VALLE-INCLÁN





# CUADRANTE



*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*

Editada pola  
Asociación de Amigos de Valle-Inclán e a Fundación Valle-Inclán

# CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9  
VILANOVA DE AROUSA.  
APARTADO DE CORREOS Nº 66  
www.amigosdevalle.com

Decembro 2011

*Director:*

Francisco X. Charlín Pérez

*Consello de Redacción:*

Joaquín del Valle-Inclán Alsina

Margarita Santos Zas

Juan Antonio Hormigón

Xosé Luis Axeitos

Sandra Domínguez Carreiro

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

Jesús Blanco García

*Director Servizo de Publicacións:*

Gonzalo Allegue

*Xestión e administración:*

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señorán

*Deseño e maquetación:*

Carlos Sánchez Crestar

*Ilustracións suplementarias :*

Marcela Santórum (*ilustracións capa*)

Eugenio de la Iglesia (*encabezamento capítulos*)

*Imprime:*

Imprenta Fidalgo, S.L.

Cambados (Pontevedra)

*Dep. Legal:* PO-4/2000

*I.S.S.N.:* 1698-3971

**Cuadrante** non mantén correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxia.

# Sumario:

Juan Antonio Hormigón:

*Das escenificacións desconocidas* ..... páx. 5

Antonio Espejo Trenas:

*El eco de la palabra (valleinclaniana)* ..... páx. 15

Fernando López-Acuña López:

*“La rosa de papel” de Valle-Inclán e o “Orfeón Los Amigos”: unha sociedade coral pontevedresa de finais do século XIX* ..... páx. 31

Daria Alesi:

*Valle-Inclán frente a la gran guerra: una entrevista de Luis G. Urbina al escritor recién llegado de Francia* ..... páx. 45

José-M<sup>º</sup> Monterroso Devesa-Juega:

*Das Do Vale de Bares aos Del Valle-Inclán de Sobrám* ..... páx. 59

Enrique Prado:

*El tránsito perceptivo en “La lámpara maravillosa” de Valle-Inclán* ..... páx. 65

Francisco Xavier Charlín Pérez:

*Un conto de Valle-Inclán e os montes comunais galegos* ..... páx. 115

Xosé María Álvarez Cáccamo:

*Rumbos de “La pipa de kif”* ..... páx. 131



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2011

## CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizadas para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



# Un conto de Valle-Inclán e os montes comunais galegos

Francisco Xavier Charlín Pérez

O 1 de xaneiro de 1915, a revista madrileña *Por Esos Mundos*<sup>1</sup> publicou un relato de Valle-Inclán titulado “Mi bisabuelo” xunto a unha extensa entrevista ao escritor realizada por Juan López Núñez na que, entre outras cuestións, sinalaba algunhas coincidencias con Tolstoi nas súas valoracións políticas.<sup>2</sup> O relato —último dos que publicou— foi incorporado á colección do libro *Jardín Umbrío* na súa cuarta edición —datada en 1914, pero aparecida en realidade en xaneiro de 1915— e, con algunhas variantes, incluído tamén na edición homónima de 1920, última e definitiva en vida do escritor.<sup>3</sup> Valle-Inclán escribiu este conto tras regresar a Galicia en 1912, un ano despois da morte da súa nai, cando contaba corenta e seis anos. Segundo Jorge Devoto, debun de entregar o manuscrito que se conserva de “Mi bisabuelo” a Jacques Chaumié —o seu tradutor ao francés— a finais de 1913, cando este o visitou na casa en que se instalara coa súa familia en Cambados.<sup>4</sup> “Mi bisabuelo” pode relacionarse cunha serie de textos escritos entre 1912 e 1917 nos que é recorrente o tema do regreso nostáxico a un idealizado mundo da infancia, paraíso perdido no que rexían valores xa desaparecidos no tempo de escritura desta páxina literaria.

## “Mi bisabuelo”

A trama deste relato<sup>5</sup> artículase entorno á evocación que o bisneto de Don Manuel Bermúdez y Bolaño fai da figura do seu

bisavó de Santa María de Louro<sup>6</sup> cando da casa que tivo alí “sólo queda una parra vieja que no da uvas, y de aquella familia tan antigua un eco en los libros parroquiales”. Don Manuel Bermúdez foi “un caballero alto, seco, con los ojos verdes y el perfil purísimo”

\*Tradución galega con modificacións do artigo “Un cuento de Valle-Inclán y los montes comunales gallegos” publicado en: VIEITES, Manuel F. /RODRÍGUEZ, C. (eds.): *Teatrología, nuevas perspectivas. Homenaje a Juan Antonio Hormigón*, Ed. Ñaque, Ciudad Real, 2010, pp. 416-429.

*Umbrío. Historias de santos: de almas en pena: de duendes y ladrones*, Sociedad General de Librería Española, Tipografía Europa, *Opera Omnia*, XII, Madrid, 1920. Ver Lavaud, E. (1991: 168 e 203).

<sup>4</sup> Ver Devoto, J (2007: 10-11).

<sup>1</sup> *Por Esos Mundos*, Madrid, año XVI, nº 240, enero 1915, pp. 7-11.

<sup>5</sup> As citas deste texto proceden de “Mi bisabuelo” en *Obra Completa* (2002: 279-283). En adiante só indicarei páxina desta edición cando me refira a calquera outra obra de Valle-Inclán.

<sup>2</sup> Reproducida en J y J del Valle-Inclán (1994-131-140).

<sup>6</sup> Na edición de 1920 de *Jardín Umbrío* Valle-Inclán cambiou Santa María del Caramiñal polo definitivo Santa María de Louro. Ver: Devoto, J (2007: 67)

<sup>3</sup> *Jardín Umbrío. Historias de santos: de almas en pena: de duendes y ladrones*, Madrid: Perlado Páez y Cía. Imprenta Helénica, *Opera Omnia*, XII, 1914, pp. 161-172; *Jardín*

que “hablaba poco, paseaba solo” e “era orgulloso, violento y muy justiciero”, pero en torno a el flotaba “todavía una leyenda” que relacionaba a súa prisión no cárcere de Santiago co feito de estar “culpado de algún crimen lejano”.

Saberemos, sen embargo, de que crime se trata e tamén que este non garda relación co verdadeiro motivo do seu encarceramento grazas ás revelacións contidas no relato do bisneto, que reconstrúe a historia contrastando algúns recordos de infancia con informacións orais e escritas recabadas tempo despois.

Así, da súa nenez conserva a imaxe dun “viejo caduco y temblón” que o quería moito, a quen, cando oía soñar a gritos na grande sala da torre onde durmía, supuña cheo de remordementos por un crime cometido. Tamén recorda as murmuracións de “la gente del pueblo” e das súas tías “las Pedrayes” que atribuían a roséola da súa meixela dereita a “un beso de las brujas”; a opinión de “toda la parentela” que “le tenía por un loco atrabiliario”; e, sobre todo, as “palabras vagas” escoitadas na familia polas que chegou a descubrir “que había estado preso en la cárcel de Santiago”.

A continuación rememora e reproduce indirectamente o relato do crime escoitado a Micaela la Galana –“la vieja aldeana (...) crónica de la familia”- mentres esta “hilaba su copo en la antesala redonda, y contaba a los otros criados las grandezas de la casa y las historias de los mayores”. Posiblemente, a xulgar polas palabras do bisneto –“Ya estaban frías las manos de mi bisabuelo cuando supe como se habían cubierto de sangre”- a narración dos feitos tivo lugar na tertulia do velorio de Don Manuel Bermúdez, na que tamén interviñeron outras voces distintas á de Micaela: –“Cuentan que mi bisabuelo al oír esto...”, “El escribano, mirando tanta gente en el camino, iba atorcer por un atajo,

pero mi bisabuelo parece ser que le llamó con grandes voces...”

Contaba Micaela que unha tarde, cando Don Manuel Bermúdez y Bolaño regresaba de caza polo camiño do monte saíron a esperalo o cego Serenín de Bretal, cabezaleiro dun foral que tiña na aldea de Juno (Xuño), a nai deste, Águeda la del Monte, e outras mulleres e nenos “que volvían del monte agobiados bajo grandes haces de carrascas” para queixarse polo despoxo das terras do monte que lles facía “un ladrón de la villa”, o escribán Malvido. Deste xeito lamentábase Serenín de Bretal:

-Por un falso testimonio están en la cárcel dos de mis hijos. ¡Quiere acabar con todos nosotros el escribano Malvido! Anda por las puertas con una obliga escrita, y va tomando las firmas para que ninguno vuelva a meter los ganados en las Brañas del Rey.

E engadían os demais:

-Ya los pobres no podemos vivir. El monte donde rozábamos nos lo quita un ladrón de la villa.

Ao oír isto, don Manuel Bermúdez deu unha voz moi anoxado, impoñendo silencio, e demandou de Serenín un relato detallado do sucedido, ao que accedeu o cabezaleiro con estas palabras:

-¡Acaban con nos! ¡No sabemos ya dónde ir a rozar las carrascas, ni dónde llevar los ganados! Por puertas nos deja a todos los labradores el escribano Malvido. Los montes, que eran nuestros, nos los roban con papeles falsos y testimonios de lenguas pagadas, y porque reclamaron contra este fuero, tengo dos hijos en la cárcel. ¡Ya solamente nos queda a los labradores ponemos una piedra al cuello y echamos de cabeza al río!

Momentos máis tarde “...por lo alto de la cuesta, trotando sobre un asno, asomaba un jinete, y todos reconocieron al escribano Malvido”. E contan que entón Don Manuel Bermúdez volveuse cara aos cavadores ofre-

céndolles, sen éxito, a súa escopeta cargada de postas para facer “un buen blanco”. Logo, el mesmo, “muy despacio, echóse la escopeta a la cara” e “cuando le tuvo encañonado”, ao grito de “¡Esta es mi justicia, señor Malvido!”, “de un tiro le dobló en tierra con la cabeza ensangrentada”.

Así remata episodio do crime -relato incrustado e enmarcado entre recordos e indagacións do bisneto- que se converte, en realidade, no motivo principal que determina o tema de fondo do conto: a defensa polos campesiños e fidalgos do modo de propiedade tradicional –neste caso comunal- fronte ás ameazas do proceso privatizador que promovía a nova lexislación do liberalismo decimonónico.

Por fin, o bisneto recupera o seu propio discurso para desvincular –contra o criterio de Micaela la Galana- a morte do escribán da prisión de Don Manuel Bermúdez. Unha investigación documental posterior desvelaba a causa desta ao tempo que aclaraba as motivacións ideolóxicas que explicaban aquela:

Contaba Micaela la Galana que a raíz de aquel suceso mi bisabuelo había estado algún tiempo en la cárcel de Santiago. El hecho es cierto, pero fue otro el motivo. Muchos años después, para una información genealógica, he tenido que revolver papeles viejos, y pude averiguar que aquella prisión había sido por pertenecer al partido de los apostólicos el señor Coronel de Milicias Don Manuel Bermúdez y Bolano. Era yo estudiante cuando llegué a formarme cabal idea de mi bisabuelo. Creo que ha sido un carácter extraordinario, y así estimo sobre todas mis sangres la herencia suya. Aún ahora, vencido por tantos desengaños, recuerdo con orgullo aquel tiempo de mi mocedad, cuando, despechada conmigo toda mi parentela, decían las viejas santiguándose: ¡Otro Don Manuel Bermúdez! ¡Bendito Dios!

## Un texto autobiográfico?

O narrador de “Mi bisabuelo” presenta varias similitudes biográficas co autor real:

un bisavó de Valle-Inclán chamábase Manuel Bermúdez<sup>7</sup> e unhas “tías bisabuelas” súas atendían por Rosa María e Micaela Pedrayes Cantillo<sup>8</sup>; a toponimia do conto sitúao na arouzá comarca do Barbanza<sup>9</sup> onde residían os Bermúdez Torrado, antepasados paternos do escritor; Don Ramón tamén se afanou en investigar a súa xenealoxía<sup>10</sup> e, por último, é coñecido o copioso arquivo familiar que posuía<sup>11</sup>.

Sen embargo hai algunhas diferenzas entre ambos: puidera ser que o histórico Don Manuel Bermúdez, en realidade Capitán do Rexemento Provincial de Compostela, morto en 1825, pertencese ao partido dos Apostólicos, pero é imposible que o seu bisneto Valle-Inclán, nacido en 1866, o oíse soñar a gritos.

<sup>7</sup> Era fillo de María Josefa del Cantillo Saco-Bolano e de José Ignacio Bermúdez de Bastón y Torrado. Pereira Pazos/ Prego Cancelo (2008); Foi Capitán do Rexemento Provincial de Compostela, casou con Dominga de Ponte y Andrade e estableceu a súa residencia en Pobra do Caramiñal, onde morreu en 1825. Allegue, G (2002)

<sup>8</sup> Fillas de Isabel del Cantillo Saco Bolano e Francisco Pedrayes. Pereira Pazos/ Prego Cancelo (2008). Tamén “Bolaño” figura entre os apelidos dos antepasados do escritor. Charlín Pérez FX/Allegue, G (2008: 31)

<sup>9</sup> Son Bretal –antrotopónimo no conto: “Serenín de Bretal”- e Juno –Xunío- nome dunha aldea situada nas estribacións da serra do Barbanza, e lugar de orixe dos labradores despoixados polo escribán Malvido. Ademais, nas primeiras versións do conto *Jardín Umbrió* (1914), *Por Esos Mundos* (1915) e *Almanaque Hispano Americano* (1917)- a frase “¡Qué amorosa evocación tiene para mí aquel tiempo! ¡Dorado es tu nombre, Santa María de Louro!” finalizaba como “Santa María del Caramiñal”. Charlín Pérez FX/Allegue, G (2008: 152-155)

<sup>10</sup> Ver, por exemplo, a carta a Manuel Murguía (18-VIII-1916) solicitando información sobre “los documentos del Colegio de San Clemente” para buscar información sobre o seu antepasado Francisco del Valle-Inclán. Hommigón, J. A (2006:32)

<sup>11</sup> Pereira Pazos/ Prego Cancelo (2008)

Non é posible, por tanto, ler o relato como se dun documento biográfico se tratase, mais tampouco se pode negar que Valle-Inclán -moitos de cuxos textos están construídos combinando elementos imaxinarios con outros de probada veracidade histórica- introduce en “Mi bisabuelo” algunhas referencias familiares con clara intención autobiográfica.



Cambados, Rúa Real, 1915. Casa na que vive valle entre 1912 e 1917

Valle-Inclán escribiu este conto tras regresar a Galicia –en concreto a Cambados<sup>12</sup>- en 1912<sup>13</sup>, un ano despois da morte da súa nai. Pertence, por tanto, ao mesmo tempo de escritura que o poemario *El Pasajero*, libro do que a crítica destaca o seu claro carácter autobiográfico<sup>14</sup>, onde describe “el largo y tortuoso camino de regreso a las comarcas perdidas de la infancia, donde el poeta espera reencontrar la “quietud” de la cual lo arrancaron las ilusiones del mundo, y allí edificar su última morada”<sup>15</sup>. Tamén redactou neste

<sup>12</sup> Ver: Viana, V (2001)

<sup>13</sup> Devoto, J (2007)

<sup>14</sup> “Biográficamente, el libro surgió al regresar Valle a Galicia: lo compuso después de unos años viajeros y, finalmente, lo publicó en 1920” (...) “...destacan el carácter autobiográfico y cierto esteticismo decadentista”. Servera Baño, J (1995)

<sup>15</sup> Allegra, G (1991)

período *La Lámpara Maravillosa*, tratado de estética en que se evoca “la Tierra de Salnés, donde otro tiempo estuvo la casa de mis abuelos, y donde yo crecí de zagal a mozo endrino” (páx.1912), e o poema “Volver”<sup>16</sup>, que expresa a emoción que experimenta o autor ao regresar “a la tierra materna” e reencontrarse cos escenarios familiares, nos que sente “las voces remotas, de tantas sangres, llamándome suyo”. Case coas mesmas palabras, o bisneto narrador de “Mi bisabuelo” - que se recoñece “vencido por tantos desengaños” e lembra “con orgullo aquel tiempo de mi mocedad”- declara estimar “sobre todas mis sangres la herencia suya”.

Son evidentes, por tanto, as recorrencias léxico-semánticas e as reiteracións temáticas que unen estas obras<sup>17</sup> do período cambadés do escritor (1912-1917). Trátase da volta nostálgica do viaxeiro, despois de moitos anos de camiño e desenganos, á terra materna, onde o chaman o solar abandonado e o sangue dos seus antepasados. Pero unha vez alí, comproba, con soidade e melancolía –con “saudade”, que é como a tradición cultural galego-portuguesa nomea á suma de ambos sentimentos- a desaparición definitiva dos valores que rexían

<sup>16</sup> “Al volver a la tierra materna/Sentí que cien almas antiguas/Se quemaban y alumbraban/Dentro de mí, /Como viejos troncos/Que arden en el hogar/De la casa heredada/Y sentí las voces remotas/De tantas sangres/Llamándome suyo (¿1913-1915?). En Charlín Pérez, F.X y Allegra, G. (2008: 8-9).

<sup>17</sup> Tamén *Aromas de Leyenda*, cuxa lectura “será convencional si no tiene en cuenta esa voluntad de regreso a la “casa abandonada”, a la infancia perdida” (...) “y explica el deje de añorante viudedad que caracteriza algunas páginas”. Allegra, Giovanni (1991, pág 14).

no mundo perdido da súa infancia:<sup>18</sup> un pasado idealizado, xeórxico e campesiño, aínda presente no recordo de “...las viejas abuelas, las memorias lejanas” que “loan del tiempo antiguo virtudes olvidadas”.<sup>19</sup>

Nostalgia e melancolía dun pasado perdido que tamén embargan ao narrador de “Mi bisabuelo” quen —a través do relato da vella Micaela “que hilaba su copo en la antesala redonda, y contaba a los otros criados las grandezas de la casa y las historias de los mayores”— evoca un mundo no que aínda campesiños e “fidalgos” defendían de forma unánime a propiedade colectiva, algo que historicamente sucedeu cando os intentos de “apresamento” de terras por particulares nos montes comunais galegos durante o último terzo do século XIX desencadearon conflitos sociais e xudiciais.

## As “Brañas del Rey”, montes comunais<sup>20</sup>

Aínda que o topónimo do monte en lixio —as “Brañas del Rey”— ao que se refire Serenín de Bretal no conto, remite, como tal, aos coutos e devesas reais ou montes do Estado<sup>21</sup>, que en Galicia eran poucos e concen-

<sup>18</sup> “Esta emoción divina es de la infancia/ Cuando felices el camino andamos/ Y todo se disuelve en la fragancia/De un Domingo de Ramos...”. “Rosa del Paraíso”, *El Pasajero*, (p. 1239).

<sup>19</sup> En “Ave” y “Geórgica”, *Aromas de Leyenda*, pp. 1211 e 1213.

<sup>20</sup> Sigo no que ao uso e historia do monte se refire, o estudo -de referencia para este tema- de Xesús Balboa, *O monte en Galicia* (1990) e o seu ensaio, “Comunidade campesiña e terras de propiedade colectiva: a utilización do monte na Galicia do século XIX”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea* (2000)

<sup>21</sup> A toponimia destes montes (Fraga do Rei, Bouza do Rei, Monte do Rei, Pinares do Rei...) e a das devesas incorporadas no século XVIII ao patrimonio público (Devesa Nova, de Godoy...) indicaba inequí-

trados na franxa costeira, todo apunta a que, en realidade, se trata dun monte comunal de veciños<sup>22</sup>. Así, e a pesares do nome — que Valle-Inclán debeu elixir pola súa eufonía ou polo prestixio asociado a esta clase de predios— as palabras de lamento de Serenín de Bretal ante Don Manuel Bermúdez —“El monte donde rozábamos nos lo quita un ladrón de la villa”, “No sabemos ya dónde



Braña. Ovidio Murguía

ir a rozar las carrascao, ni dónde llevar los ganados”, “Los montes, *que eran nuestros*<sup>23</sup>, nos los roban con papeles falsos...” (pp. 280-281)- deixan ben claro que as “Brañas del Rey” non son unha devesa real, nin tampouco un monte de propios ou municipal, senón un monte en man común.

No século XIX, en Galicia —país marcadamente rural e específico desde o punto de vista agrario polo seu réxime de propiedade (réxime foral) e uso da terra— a maioría dos montes —así se consideraba todo espazo

vocamente esta procedencia. Coñecidos e recoñecidos como patrimonio real, tiñan como misión esencial o abastecemento de madeiras para a construción naval da Armada. Foron vendidos a partires da Desamortización de Madoz, entre 1855 e 1874.

En *Romance de Lobos* tamén aparece un destes topónimos —Pinares del Rey— para referir o bosque cercano ao lugar onde naufraga a barca do patrón Abelardo, a praia de As Sinas. (p. 462)

<sup>22</sup> A primeira escena de *Cara de Plata* téñ como escenario unhas “brañas comunales”: “Alegres albores. Luengas brañas comunales, en los montes de Lantaño. Sobre el roquedo la ruina de un castillo, y en el verde regazo, las Arcas de Bradomín...” (p. 273)

<sup>23</sup> Cursiva miña.

agrario que non era terra de labor independentemente da súa orografía- eran de propiedade colectiva e a súa titularidade, xestión e aproveitamento correspondía a comunidades de campesiños asentadas en diferentes tipos de poboamento: aldeas, lugares, parroquias...

A propiedade colectiva manifestábase en dous réximes distintos: os denominados “montes de varas” -minoritarios e con maior implantación na Galicia noroesteña- que formaban xuridicamente unha comunidade romana, é dicir, permanecían abertos e indivisos pero a súa propiedade lles correspondía a un grupo de casas ou familias e eran herdables; e os “montes veciñais” —a maioría- cuxa propiedade era unha comunidade de veciños independentemente de quen a formase nun momento determinado, permanecían abertos e indivisos, non podían ser transmitidos e formaban xuridicamente unha comunidade xermánica<sup>24</sup>.

Estes montes, que ocupaban aproximadamente o 65% do territorio, prestaban un servizo imprescindible no marco da economía campesiña, ata o punto de seren considerados o auténtico soporte dun modelo agrario no que a superficie cultivable apenas chegaba ao 30%. De ahí que a documentación da época reitere a importancia destes espazos porque é neles onde os campesiños:

hacen leña para la quema en sus hogares, en donde se provistan (sic) de parte de esquilmo para formar el estiércol de sus tierras labradías... adonde pastan y entretienen sus ganados... porque dicho vecindario no solamente carece de dehesa boyal sino también carece de baldíos y praderas...<sup>25</sup>

Un sistema agrario de tipo tradicional sen especialización produtiva —a gandeira sería un fenómeno do século XX-, que consistía nun policultivo de cereais que convivía

cunha actividade pecuaria polivalente, onde o gando, ademais de apoiar a fertilización das terras, convertendo nas súas cortes o toxo ou as carrascas en esterco, e de producir carne e leite, era utilizado como forza de traballo nas tarefas agrícolas.<sup>26</sup>

Deste modo -dedicadas intensivamente todas as terras de cultivo á produción de trigo, centeo e millo como medio de pago da renda foral- era o monte: lugar de pastos comunais onde o campesiño apacentaba libremente vacas, cabalos, ovellas e cabras; despensa de aprovisionamento de arbustos<sup>27</sup> -carrascas, feitos, e sobre todo toxos- con que se elaboraba o abono ou estrume indispensable para as terras de labor:

“Los montes públicos, casi exclusivamente, han sido hasta ahora los encargados de satisfacerle esta importante necesidad. El tojo, el brezo, los helechos y las jaras, que constituyen las especies dominantes en la mayoría de aquellos, son el elemento indispensable para los abonos del país”<sup>28</sup>

E, de forma periódica, terreo que proporcionaba mediante o sistema de rozas ou estivadas unha colleita suplementaria de cereais.

Pero estas terras comunais eran, ademais, o lugar onde os “menesterosos”, atopaban o imprescindible para sobrevivir, como se recoñecía nun emotivo *Informe* emitido pola Deputación de Lugo en 1862<sup>29</sup>:

“Hay en las parroquias una población flotante, una clase que no es agricultora, compuesta de desvalidos, de mujeres, niños y ancianos que viven en miserables chozas, y tienen el nombre de caseteros o camareros. Estos desgraciados carecen por lo común de pan que llevar a la boca, y hasta de manta que les abrigue, llegando su infortunio al extremo

<sup>26</sup> Balboa (2000: 395)

<sup>27</sup> Agromayor, M. (2009: 22-57)

<sup>28</sup> Fenech y Artells, A., *Los montes públicos de Galicia*, Madrid, 1884, (pp 11-12). En Balboa (1990: 31)

<sup>29</sup> Balboa (1990: 45)

<sup>24</sup> Balboa (2000: 385-386)

<sup>25</sup> Balboa (1990:24)

de no encontrar jornal, porque la agricultura de Galicia es puramente de familia, y no necesita de este auxiliar, excepto en algunas ocasiones. Fuera de los medios que pueda proporcionarles el trabajo en las obras públicas, no les queda otro recurso contra la miseria que el uso y aprovechamiento de los montes comunes. En ellos se mantiene la miserable vaca que les da la leche y la manteca; en ellos apacientan el raquítico caballejo con que trajinan de feria en feria; en ellos crían el ganado de cerda con cuyo producto compran lo más preciso; y en ellos, en fin, encuentran el combustible que en las noches frías de invierno suple la falta de abrigo reducido a la ropa de vestir, tal vez humedecida por la lluvia y frecuentemente desgarrada”.

Pois ben, despois do dito, non cabe dúbida de que podemos considerar ao literario cego labrador Serenín de Bretal -na súa condición de cabezaleiro<sup>30</sup> do foral que Don Manuel Bermúdez tiña na aldea de Juno- e á súa familia como pertencentes á primeira clase de labradores rendeiros propietarios do dominio útil da terra que cultivaban co imprescindible complemento do monte comunal.

## Os comunais no século XIX<sup>31</sup>

A orixe dos montes comunais galegos –tidos por “de tempo inmemorial”- dividiu a quen a considerou coetánea á do foro –século XIII-, a cuxa instauración irían asociados, de quen a relacionou coas invasións xermánicas, en concreto coa orde territorial derivada da creación no ano 411 do reino Suevo de Galicia, que tería recoñecido e consolidado a propiedade comunitaria rural preexistente. En todo caso, este modo de posesión permaneceu sen alteracións ata a convocatoria das Cortes de Cádiz, a comezos do século

<sup>30</sup> O cabezaleiro era o encargado de cobrar aos demais “conforeiros” dun lugar as rendas correspondentes para pagar despois o canon enteiro ao dominio directo.

<sup>31</sup> Balboa (1990: 81-151)

XIX.

Foi o liberalismo decimonónico o que cuestionou por primeira vez a existencia dos montes comunais de veciños ao seguir no seu labor lexislador as teorías dos economistas ilustrados do século XVIII –sobre todo Jovellanos-, o exemplo das leis da Francia revolucionaria que ditaron o cambio da propiedade feudal á “perfecta e absoluta” e, sobre todo, o modelo de cerramentos de comunais –“enclosure acts”- levado a cabo en Inglaterra a finais do século XVIII, como unha das medidas promotoras da propiedade individual capitalista seguidoras da doutrina emanada do pensamento político de Locke e da letra do “Bill of Rights” de 1689.

Así, o decreto de 14 de xaneiro de 1812 –que creaba dúas clases de montes, particulares privados e públicos susceptibles de desamortización, categoría na que foron incluídos os abertos galegos- e a atribución da súa titularidade aos novos municipios galegos<sup>32</sup> deixaron os montes comúns nun estado de indefinición e desnaturalización xurídica<sup>33</sup>.

En 1833, xa no reinado isabelino, a imaxe do “Code Forestier” francés de 1827, foron promulgadas as “Ordenanzas Generales de Montes”, que daban liberdade absoluta de uso aos propietarios de montes particulares e confiaban a administración de “proprios” e “comúns” aos concellos.

Entre 1833 e 1848 sucesivas disposicións legais<sup>34</sup> foron limitando e desnaturalizando

<sup>32</sup> A maioría deles, demarcacións artificiais en que se integraron, sen criterio ningún, un grupo de parroquias e lugares.

<sup>33</sup> Para Garrido Falla, F (“Sobre los bienes comunales”, *Revista de Estudios de la vida local*, 125, 1962): “No se puede ocultar que la legislación española, a partir del siglo XIX, jamás ha tenido en cuenta las singularidades a que el peculiar origen de algunos bienes comunales debiera dar lugar. Las soluciones legales han sido, antes bien, uniformistas...”. En Balboa (1990: 87-88).

<sup>34</sup> Varias “Reales Órdenes” (de 24 de agosto de 1834; de 24 de febreiro de 1838; de 27 de xaneiro de



a autonomía veciñal na administración dos montes comúns, pero foi a R.O. de 22 de maio de 1848 a que despois de tantos anos de indecisións estableceu decididamente a “publicación” e “administrativización” dos montes veciñais decretando sen ambaxes a súa desaparición legal<sup>35</sup>.

1846 e de 16 de xaneiro de 1848) insistiron no carácter municipal dos montes comúns.

<sup>35</sup> “1. Que la legislación administrativa vigente no reconoce la diferencia que se pretende establecer entre los montes del común de los pueblos y los del común de los vecinos. 2. Que es inadmisibile el principio de que los vecindarios por sí y con independencia absoluta de los Ayuntamientos y del Gobierno pueden

Nesta situación os montes de veciños en man común enfrontáronse en 1855, durante o Bienio Progresista, á Lei de Desamortización de Madoz, que tiña como obxectivo converter toda superficie agraria ou forestal en propiedade privada individual, unha das medidas políticas —outras foron as leis de ferrocarrís e de sociedades bancarias— tendentes a conseguir a modernización capitalista de España<sup>36</sup>.

Esta lei, que no seu artigo primeiro declaraba en estado de venda todos os predios pertencentes ao Estado, os de propios (municipais) e os comúns “de los pueblos”, exceptuaba, sen embargo, no seu artigo segundo “los terrenos que son hoy de aprovechamiento común previa declaración de serlo, hecha por el gobierno, oyendo al Ayuntamiento y Diputación Provincial respectivos”, o que obrigou ao “Cuerpo de Ingenieros de Montes” en colaboración cos concellos, á elaboración de catálogos de montes vendibles e expedientes de excepción, como as “Clasificaciones Generales de Montes Públicos” de 1859 e 1862.

Os montes do Estado e de propios, que ocupaban en Galicia escasa superficie, foron catalogados e vendidos na súa maioría entre 1855 e 1874, e as centenarias árbores dos seus bosques, taladas e vendidas polos seus compradores. É o caso do monte Gondomil en András (Vilanova de Arousa), procedente de “Corporaciones civiles”, cuxa subhasta publicaba o “Boletín Oficial de Ventas de Bienes Nacionales de la provincia de Pon-

disponer omnímodamente de dichos montes llamados del común de vecinos, asimilándolos con notoria equívocación a los de dominio particular. 3. Que todos los montes de propios y comunes, cualquiera que sea la época y origen de su adquisición, están sujetos a las disposiciones generales que hoy rigen...”. Ver Balboa (1990: 90-96)

<sup>36</sup> E sanear, de paso, a sempre maltreita Facenda pública.

tevedra” no seu número de 2 de xuño de 1870<sup>37</sup>. Situado a medio camiño entre o pazo de Rúa-Nova (solar orixinario dos Valle-Inclán) e o monte comunal de Lobeira –ao que o escritor dedica unha das *Cartas Galicianas*<sup>38</sup>, o camiño que discorre por este monte –“aquel tan solitario y temeroso camino de Gondamil”-<sup>39</sup>, pasou a formar parte da xeografía literaria de Valle-Inclán como escenario do conto “Zan el de los Osos”: “un camino de aldea triste y solitario, sombreado por grandes castaños que le comunicaban cierta sombría majestad de avenida de rico priorato o viejo pazo solariego”.

Canto aos comúns, a opinión xeral e unánime entre publicistas, xuriscónsultos, rendeiros, deputacións e concellos de que o mantemento destes montes era imprescindible para a pervivencia do sistema agrario e, polo tanto, para a supervivencia da “clase labradora”, levou a estas institucións a asumir as demandas conservacionistas dos campesiños e colaborar apenas coa Comisión de Ventas, eximindo razóns como estas<sup>40</sup>:

<sup>37</sup> Bienes de Corporaciones civiles. Ayuntamiento de Villanueva de Arosa. Procedente de sus Propios, nº 85.

<sup>38</sup> “Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira” (*El Globo*, Madrid, 4-XI-1891).

<sup>39</sup> Con variantes na forma do topónimo – Gaudamil e Gondamil na versión publicada en *El Universal* de México (8-V-1892) e Gaudamil na de *Blanco y Negro* de Madrid (23-IX-1895)- probablemente debidas a erro tipográfico.

<sup>40</sup> En Balboa (1990:128)

Sin dichos montes no puede fructificar la tierra, por falta de abono, ni puede subsistir el ganado por carecer del pasto necesario, cuando por desgracia estos pueblos no cuentan con praderas suficientes, como ni tampoco dehesas de ninguna clase. Sería también horroroso el cuadro de la clase proletaria...

¿Cómo podrá pues el Gobierno condenar a la pobreza, muerte por hambre a tantos vecinos solo por conseguir un insignificante precio de tales montes comunes?<sup>41</sup>



<sup>41</sup>Este proceso foi documentado e estudado para o caso de Vilanova de Arousa por José María Leal e José Miguel Ventoso nun artigo aparecido no anterior número desta publicación, *Cuadrante* 22, do que reproduzo este significativo fragmento: “Así sucede en Vilanova no 1861, cando un grupo de veciños acode ao concello ante o temor que estaban suscitando as medicións realizadas por orde do Comisionado de Ventas de Vienes

Nacionales de la Provincia. Sospeitábase que se puxeran á venda as terras comunais, polo que os veciños quedarían sen a posibilidade de fornecer de pasto o gando de labor e perderían as colleitas. Na súa protesta facían ver ao concello que ...por el comisionado de ventas de vienes nacionales de la provincia Don José Villa Varela, se mandó al perito agrimensor Don José Otero y Dios que en unión de otro nombrado por el síndico de esta corporación, procedieron al reconocimiento, medición y tasa de los baldíos y montes comunales que hay en el distrito; en cuya operación se hallan entendiendo, con gran disgusto del vecindario, siendo tal la alarma y lamentos de los labradores, que en grupos acuden en queja á este Ayuntamiento contra tal medida, recelosos de que lleguen á ponerse en subasta, y se les prive de este pequeño recurso que tienen para echar á pacer sus ganados de labor, pues quedarían enteramente imposibilitados de poder sostenerlos, y por consiguiente de poder cultivar sus terrenos, y de arrendamiento. En tal conflicto, el Ayuntamiento no puede menos de estender acta de lo que ocurre, y convenir dende luego como conviene que la exigencia de aquellos es muy justa, porque son ya tan pocos y reducidos los baldíos y montes comunes que hay en el distrito, que apenas alcanzan para el pasto y recreo de dichos ganados de labor...

Tal resistencia social determinou que a desamortización dos comunais galegos tivese uns resultados exiguos, case nulos. En realidade -como defende Xesús Balboa<sup>42</sup>- as claves deste fracaso hai que procuralas nas estruturas económicas e sociais que rexían a agricultura galega na segunda metade do século XIX: sen o equilibrio entre terras de labor e montes comunais perigaba a existencia dun sistema agrario tradicional de policultivo de cereais e gandeiro que sustiña todo o corpo social relacionado mediante a figura do

Advertíase tamén que ...Serían pues incalculables los perjuicios que se seguirían á este distrito consistente en 1.547 vecinos destinados su mayor parte á la agricultura (...). Por de pronto en esta villa que se cuentan sobre 40 pares de bueyes, destinados al trabajo, se reducen sus baldíos comunes á unos seis ferrados donde llaman el Campanario, y á unos cincuenta en el Bornal, de ínfima calidad y á la villa más; y estas dos fincas de tan insignificante valor, son las que el comisionado de ventas Don José Villa Varela, manda medir y tasar, sospechándose sea para poner en venta....

A corporación tomou cartas no asunto e fixolles caso aos vecinos, de modo que promove un expediente, co visto e prace da Deputación e do *Comisionado de Ventas*, que remata en outubro de 1861 coa exclusión da venda dos comunais mencionados por parte da *Administración de Propiedades y Derechos del Estado*, e o recoñecemento da propiedade a nome dos aldeáns. A lentitude e complexidade do proceso queda reflectida en que para as mesmas datas aínda había trece concellos que non presentaran tal solicitude. Fica confirmada, así, a afirmación anotada anteriormente de Villares Paz no sentido de que en Galicia poucos montes do común se venderon na desamortización de Madoz.

Porén, si se mercan predios, tal e como fai Ricardo Alvarellos, veciño de Vilanova, que compra terreos no seu propio concello e na parroquia de Godos, de Caldas de Reis. E tamén fai o propio Manuel Goday investindo por valor de 680 reais, que, como xa sabemos, era industrial do salgado de Vilanova e accionista do ferrocarril. Quedou anotado xa que no Trienio Liberal, xunto a Llauger, é membro destacado da Milicia Nacional no noso concello e toma parte activa nos acontecementos destas datas, ata o punto de quedar fóra da lei unha vez restaurado o absolutismo fernandino.” Leal, JM/Ventoso JM (2011: 89-90)

<sup>42</sup> Balboa (1990, pág. 156).

foro -campesiños foreiros e rendeiros, moitos deles fidalgos-, e para o que aínda non había alternativas.

Con todo, aínda que as comunidades campesiñas puideron seguir a se beneficiar do uso dos montes comúns, xa nada ía ser igual dende entón. A propiedade colectiva -só garantida pola posesión “inmemorial”- estaba á marxe da lei e novas ameazas pendían sobre ela. Unha delas era a que practicaban os caciques e poderosos locais que valéndose do seu poder realizaban “apresamentos” nestas terras, tal como denunciaba Alfredo Vicenti en 1875<sup>43</sup>:

(...) el caballero que dispone de influencia o mando,

<sup>43</sup> Alfredo Vicenti (Santiago de Compostela, 1850-Madrid, 1916) foi un intelectual de ideas democrata-federals, que comezou a defender cando estudaba Medicina na Universidade compostelá. Foi considerado o mellor xornalista español da súa época. Como director de *El Diario de Santiago* (1875) fixo deste medio unha escola de periodistas de renome, introduciu a figura do periodista a tempo completo e a frecuencia diaria no xornalismo galego. Xa en Madrid, substituíu a Murguía na dirección de *La Ilustración Gallega y Asturiana* e de aquí pasou a dirixir *El Globo* -onde Valle-Inclán publicou na súa primeira e breve estancia en Madrid en 1891- e *El Liberal*. Ademais de numerosas crónicas, publicou un libro de poemas prologado por Murguía, *Recuerdos* (Ourense, 1875), uns perfís biográficos e un “folletín admirable, único na cultura española da época” -en palabras de José Antonio Durán- titulado *En las Orillas del Ulla*. (Ver *Galliciana Básica de Alfredo Vicenti. Poesía y Prosa, 1868-1916*. Edición de José Antonio Durán, Taller de Edicións J.A. Durán. Deputación de Pontevedra). Amigo do pai de Valle-Inclán e do propio escritor, un artigo seu en *El Globo*, de 1895, é a única referencia que se posúe sobre a posible estancia de Valle en Cuba ao regreso da súa primeira viaxe a México. Hormigón, JA (2007:88). Unhas declaracións de Valle-Inclán realizadas nunha entrevista de 1912, dan idea cabal da admiración que o escritor sentía por Vicenti:

P- ¿Y no ha vuelto usted a escribir en periódicos?

R.- En *El Liberal*, cuando Vicenti ha sido director; porque yo profeso por Vicenti una gran admiración; soy de los pocos que conocen sus versos.

Valle-Inclán, J y J. (1994)

gracias a los 200 o 300 votos que puede dar al candidato del gobierno en las elecciones, y es dueño de una tierra que linda con el baldío comunal, ensancha poco a poco las tapias de aquella hasta incluir a este, hace pagar una multa o envía por 48 horas a la cárcel a la primera mujer que saltando el reciente muro entra con su vaca en el pasto antiguo y todo queda hecho...<sup>44</sup>.

Así por exemplo, en 1887, nun inventario notarial da documentación que obraba na Secretaría do Concello de Vilanova de Arousa, mencionábase un

“expediente de 63 folios útiles en averiguación de la certeza de apropiación o usurpación de terrenos comunales...”.

Aínda que por estas datas o xoven Valle –tiña 21 anos- estaba estudando Dereito na Universidade de Santiago, mantiña o seu domicilio en Vilanova de Arousa (ver padrón municipal de 1888), onde o 20 de novembro de 1887 asinou un dos seus primeiros contos, “Vía Crucis”.

Debemos, por tanto, supoñer ao futuro escritor ben informado de asuntos como este<sup>45</sup> cuxo recordo debeu inspirar o conflito literaturizado no relato “Mi bisabuelo” e moi en concreto prágrafos como estes:

-Por un falso testimonio están en la cárcel dos de mis hijos. ¡Quiere acabar con todos nosotros el escribano Malvido! Anda por las puertas con una obliga escrita, y va tomando las firmas para que ninguno vuelva a meter los ganados en las Brañas del Rey.

(...)

Se acercaron otras mujeres y unos niños que volvían

<sup>44</sup> Vicenti, A., *A orillas del Ulla (Perfiles gallegos)*, en Durán, J.A (ed.), *Aldeas, aldeanos y labriegos...*, pp. 779-780. En Balboa (1990:252)

<sup>45</sup> A familia de Valle-Inclán estivo sempre moi vencellada aos asuntos municipais –o seu avó materno, Francisco Pena, foi alcalde da vila durante 21 anos, entre 1842 e 1872; seu pai Ramón del Valle Bermúdez foino en dúas ocasións (1869 e 1884); e seu irmán maior Carlos del Valle Peña traballou como escribinte no Consistorio en 1886.

del monte agobiados bajo grandes haces de carrascas. Todos rodearon a Don Manuel Bermúdez: -Ya los pobres no podemos vivir. El monte donde rozábamos nos lo quita un ladrón de la villa.

## O discurso individualizador do Agrarismo

Todo o que vimos ata agora nos permite deducir, case con toda seguridade, que o suceso recordado por Micaela la Galana se sitúa nos anos que seguiron ao proceso desamortizador de Madoz, cando tanto os campesiños –representados polo cabezaleiro do foral de Juno, Serenín de Bretal– como os rendeiros –personificados por Don Manuel Bermúdez– aínda valoraban e defendían a existencia da propiedade colectiva fronte ás coetáneas correntes individualizadoras da posesión da terra.

Sen embargo, se estes eran os valores dominantes na mentalidade campesiña no tempo de ambientación do conto, xa non o serían no momento de escritura do mesmo: a segunda década do século XX.

A renovada historiografía agraria galega das tres últimas décadas<sup>46</sup> vén defendendo a idea de que a Galicia rural do período comprendido entre a crise agraria finisecular e a década de 1930, experimentou un conxunto de transformacións económicas, tecnolóxicas, sociais e políticas que se interromperon abruptamente e mesmo se desfiguraron trala Guerra Civil.

A crise agraria finisecular europea (1873-1896) foi resultado da creación dun mercado mundial para os produtos agrarios propiciado polos novos medios de transporte (fe-

<sup>46</sup> Ver ao respecto o volume colectivo *Terra e Progreso. Historia agraria de la Galicia contemporánea* (2000) e en concreto a “Introducción” do seu editor, Lourenzo Fernández Prieto, titulada: “Reconstruíndo a Galicia rural contemporánea”.

rocarril, barco de vapor) que introduciron os cereais americanos de baixo custe, o que provocou a caída de prezos do gran. Esta crise supuxo en Galicia a ruína dos rendeiros –moitos deles “fidalgos”–, que cobraban aos campesiños as súas rendas forais en especie para despois comercializar o produto a granel en feiras e mercados, e a quebra do modelo agrario tradicional.

Mentres, a partir de 1890, se producían vendas masivas de patrimonios nobiliarios<sup>47</sup>, os labregos reorientaban a súa actividade á cría de gando vacún, dedicando cada vez máis terreo a pasteiros. A inauguración en 1883 do ferrocarril que uniu Galicia co resto da Península, franqueando o paso rápido aos seus mercados urbanos, tiña convertido a venda de reses de carne nun bo negocio.

O diñeiro destas transaccións e as remesas de divisas da emigración de América permitiron aos campesiños redimir de forma progresiva os contratos forais. Unha vez convertidos en propietarios plenos da terra, comezaron a introducir nas súas explotacións as innovacións tecnolóxicas que ofrecían a ciencia e o mercado.

O uso de fertilizantes nitroxenados e superfosfatos substituíu a tradicional fertilización con abono procedente dos toxos e carrascas do monte<sup>48</sup>; xeneralizouse a compra de maquinaria mecánica motorizada (excepto en zonas de montaña, que se converteron nunha “reserva” onde etnógrafos e antropólogos realizaron filmacións que habían provocar non poucos equívocos

nalgúns estudos históricos posteriores)<sup>49</sup>; e aplicáronse novos procedementos agronómicos como a selección e cruce de razas que divulgaron a Granxa Agrícola de A Coruña no seu *Boletín* -editado a partir de 1899- e a revista *Prácticas Modernas* (1903-1913)<sup>50</sup>.

En suma, aínda que algo tarde en relación cos parámetros europeos –sobre todo ingleses–, a modernidade e o capitalismo penetraron no campo galego coa cría e comercio de gando vacún. Tamén foi esta a orixe do desenvolvemento dun proceso “autoorganizativo” do campesiñado –o chamado Agrarismo– que se traduciu na creación de máis de mil sindicatos e sociedades agrarias. As primitivas sociedades de Seguros Mutuos (1886-1896) deron paso á aparición das primeiras Sociedades de Agricultores –sobre todo no ámbito pontevedrés- (1896-1906) e destas pasouse á constitución das integradas en Solidaridad Gallega (1907), Unión Campesina (1907) e Directorio de Teis (1907). Por fin, en 1912, co Manifesto de Ourense, xurdiu a *Acción Gallega* de Basilio Álvarez.

O movemento agrarista, que convocou entre 1908 e 1919 sete Asambleas xerais<sup>51</sup> asumiu, en clave “rexeneracionista”, funcións económicas –como a compra en común de fertilizantes e maquinaria–, de divulgación técnica e científica, educativas e políticas, como a loita pola definitiva abolición dos foros e desaparición do caciquismo, todo isto co apoio dunha nutrida rede de prensa periódica.<sup>52</sup>

<sup>47</sup> Entre 1905 e 1914, que é cando se produce a primeira ola difusora, multiplícanse os anuncios na prensa e o número de establecementos vendedores triplicase. Fernández Prieto, L (2000): “Selección de innovacións nunha agricultura atlántica de pequenas explotacións. Galicia, 1900-1936. A adopción das máquinas de mallar”.

<sup>48</sup> Cabo Villaverde, M (1998: 24-32)

<sup>49</sup> En Monforte (1908, 1910 e 1911); Rivadavia (1912, 1913 e 1915) e A Coruña (1919)

<sup>50</sup> Cabo Villaverde, M (1998: 61-110)

<sup>47</sup> Mercados por comerciantes urbanos e campesiños acomodados, que continuaron algúns anos percibindo rendas forais, pois o foro non se eliminou por lei ata 1926. Ver Villares, R (2000): “A agricultura galega, 1870-1930. Unha época de grandes transformacións”.

<sup>48</sup> Balboa López X. y Fernández Prieto, L (2000): “Evolución das formas de fertilización na agricultura atlántica entre os séculos XIX-XX. Do toxo aos fosfatos”.

Pero tamén adoptou un novo discurso ideolóxico sobre a propiedade da terra, inoculando na mentalidade campesiña as ideas do individualismo posesivo, consideradas imprescindibles para a articulación do sistema agrario co modo de produción capitalista.

Deste modo, na II Asemblea celebrada en 1910 en Monforte —a vella capital dos outrora todopoderosos condes de Lemos, agora nó e porta ferroviaria de Galicia—, tras chegar á conclusión de que

el estado actual de indivisión de los montes comunales perjudica al desarrollo de la población campesina y al aumento de la ganadería

pediuse ao Estado autorización para

repartirlos en propiedad privada entre los actuales partícipes.

Tamén desde o periódico agrarista *El Tea* se defendía o 12 de novembro de 1912 que os comunais

debieran ser divididos para siempre entre el vecindario.<sup>53</sup>

Os intensos cambios producidos en Galicia entre 1907 e 1912 levaron ao líder agrarista Basilio Álvarez<sup>54</sup>, o abade de Beiro, a afirmar con lapidaria frase que durante eses

<sup>53</sup> Balboa (1990: 243 e 258)

<sup>54</sup> Basilio Álvarez (Ourense, 1877- Argentina, 1943) foi unha das figuras máis destacadas do movemento agrario galego. Procedente dunha familia de artesáns —seu pai era ferreiro— ordeouse como sacerdote en 1902. Formou parte —con Portela Valladares e Alfredo Vicenti— do grupo de intelectuais galegos residentes en Madrid preocupados polos problemas de Galicia, que constituíron en Ourense o sindicato agrarista *Acción Gallega* en 1910. A súa actividade política e o seu posicionamento en pro dos campesiños non foron ben vistos polo bispo de Ourense, quen o retirou da

anos:

pasó un siglo por las cabezas de nuestros labriegos.

Algo que Valle-Inclán debeu comprobar, posiblemente con sorpresa, cando en 1912, despois de dezaoito anos de estancia en Madrid, regresou a Galicia coa intención de “construir un chalet” en Vilanova de Arousa.<sup>55</sup>



Estación de Monforte 1883

parroquia que tiña asignada. Viviu de avogacía ata que en 1931 conseguiu acta de deputado en Cortes polo Partido Radical de Lerroux. Abandonouno en abril de 1935 e presentouse como candidato centrista ás eleccións de 1936, pero non conseguiu escano. Morreu en 1943 no exilio.

Francisco Rodríguez (“Galicia en la obra de Valle-Inclán”, *Valle-Inclán, Homenaje del Ateneo de Madrid*, Madrid: Exedra Ediciones, 1991, 233-246.), ve na figura do Abad de Lantañón, da Comedia Bárbara *Cara de Plata*, unha parodia de Basilio Álvarez. Dado o simbolismo histórico desta obra (Ver: Charlín Pérez (2004): *Pleitos y revueltas en la Galicia de Valle-Inclán: Divinas Palabras y Cara de Plata*, Revista ADE-Teatro, nº 103, Madrid), poderían extenderse as analogías e ver no grupo de gandeiros, que aliados co abade de Lantañón se enfrontan ao fidalgo Don Juan Manuel Montenegro polo dereito de paso pola ponte de Lantañón, unha parodia do movemento agrario no seu conxunto e a Don Juan Manuel Montenegro como símbolo e arquetipo da fidalguía rendeira que esmorece a finais do XIX.

<sup>55</sup> “Pasó ayer por esta ciudad con dirección a Villanueva de Arosa, donde se propone construir un chalet, el insigne escritor Valle-Inclán”, *Diario de Pontevedra*, 26 de agosto de 1912. En Hormigón, J. A (2006: 617)

Tamén debeu constatar a progresiva desaparición dos tradicionais labores campestres como podemos deducir do panexírico que o escritor galego Xosé Lesta Meis facía en 1924 no periódico *A Nosa Terra* da malla manual<sup>56</sup> lamentando o seu retroceso ante o avance do maquinismo deshumanizado<sup>57</sup>:

“Unha malla (...) feita a máquina paréceme algo así como un peilán vestido de señorito. Unha cousa



Feira de gando de Santa Susana. Ovidio Murguía

desnaturalizada. ¿Non habrá un pintor noso que recolla n' un cadro este trozo de vida galega, antes que desapareza por completo? Dentro de pouco tempo xa non se verá.” (*A Nosa Terra*, 1-XII-1924)

Como se sabe, Valle-Inclán sentiu sempre unha grande admiración por Chateaubriand -pola súa romántica literatura mitificadora do mundo e dos valores tradicionais anteriores á Revolución- e polos pintores prerrafaelitas ingleses, un dos cales, o socialista utópico

<sup>56</sup> A malla —que non é a trilla— consiste en golpear o cereal, unha vez amontoado, cun pau. Preferíase este método á trilla porque o cereal máis cultivado en Galicia era o centeo, máis duro co trigo. O sistema chamou a atención de Tirso de Molina, cando pasou algún tempo na comarca galega de Monterrei. Así, na súa comedia *Mari Hernández la Gallega* (acto II, escena 2), escribe: los gallegos al limpiallo/ /robustos juegan el mallo /y menosprecian el trillo.

<sup>57</sup> Cabo Villaverde, M. (1998: 221)

William Morris, despois de que a revolución industrial establecese a produción en serie, quixo, a mediados do século XIX, recuperar a manufactura artesanal no gravado e a impresión de libros.

Cando en 1912 Valle-Inclán volveu a Galicia xa non quedaba nada do solar dos seus antepasados, pero tampouco daquel mundo que con eles compartira nos seus anos de infancia. El mesmo llo confesou a Rivas Cheriff nunha entrevista de 1924:

“He asistido al cambio de una sociedad de castas (los hidalgos que conocí de rapaz), y lo que yo vi no lo verá nadie. Soy el historiador de un mundo que acabó conmigo.”<sup>58</sup>

En efecto, cando os fidalgos rendeiros eran cousa do pasado e os cabezaleiros dos foros se transformaran en gandeiros propietarios das súas terras que pedían con urxencia o reparto individualizado da propiedade dos vellos montes comunais, Valle-Inclán escribiu este conto. E escribiuno nuns anos nos que cando era entrevistado reivindicaba sempre a figura de Tolstoí, o mestre ruso autor dun conto precisamente titulado: “Canta terra necesita un home?”.

<sup>58</sup> Valle-Inclán, J y J. (1994: 258)

## Bibliografía

AGROMAYOR MIRA, M (2009): “Flora Valleincliniana. Galicia II”, *Cuadrante 18*, Vilanova de Arousa.

ALLEGRA, G (1991): “La poesía de Valle-Inclán: Claves Líricas” *Ínsula* nº 531, Madrid, pág.15.

ALLEGUE, G (2002): “Firmario”, *Cuadrante 4*, Vilanova de Arousa.

BALBOA, X (1990): *O monte en Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

BALBOA, X (2000): “Comunidade campesiña e terras de propiedade colectiva: a utilización do monte na Galicia do século XIX”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

BALBOA, X y FERNÁNDEZ PRIETO, L (2000): “Evolución das formas de fertilización na agricultura atlántica entre os séculos XIX-XX. Do toxo aos fosfatos”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

CABO VILLAVERDE, M (1998): *O agrarismo*, A Nosa Terra, Vigo.

CHARLIN PÉREZ, F.X (2004): “Pleitos y revueltas en la Galicia de Valle-Inclán”, *Revista ADE-Teatro*, nº 103, Madrid.

CHARLIN PÉREZ, F.X e ALLEGUE, G (2008): *O mundo de Valle-Inclán. Viaxe ás orixes*, Servicio de Publicacións de Amigos de Valle-Inclán, Vilanova de Arousa.

DEVOTO, J (2007): “Prólogo” (en VALLE-INCLÁN, R: *Mi bisabuelo, Facsímil del manuscrito autógrafa*, Cátedra Valle-Inclán, Universidade de Santiago de Compostela.

DURÁN J. A. (2001): *Galiciana Básica de Alfredo Vicenti. Poesía e Prosa, 1868-1916*. Taller de edicións J.A. Durán. Deputación de Pontevedra.

FERNÁNDEZ PRIETO, L (2000): “Reconstruíndo a Galicia rural contemporánea”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

FERNÁNDEZ PRIETO, L (2000): “Caracterización da agricultura galega contemporánea: entre o atraso e a adaptación ao capitalismo”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

FERNÁNDEZ PRIETO, L (2000): “Selección de innovacións nunha agricultura atlántica de pequenas explotacións. Galicia, 1900-1936. A adopción das máquinas de mallar”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

HORMIGÓN, J.A (2006): Valle-Inclán. *Epistolario*. Publicacións de la ADE. Madrid.

HORMIGÓN, J.A (2007): Valle-Inclán. *Biografía cronológica. (I)* Publicacións de la ADE. Madrid.

LAVAUD-FAGE, E. (1991): *La singladura narrativa de Valle-Inclán*, Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, A Coruña.

LEAL BÓVEDA J.M/VENTOSO MARTÍNEZ J.M (2011): “Da Desamortización á crise finisecular. O periclitar da fidalguía galega –o caso dos Peña cardecid e Saco-Bolaño- e a venda dos foros do “Agro das Sinas” por Valle-Inclán en 1923 en Vilanova de Arousa”, *Cuadrante 22*, Vilanova de Arousa.

PEREIRA PAZOS M.C y PREGO CANCELO, B (2008): *Archivo Familia Valle-*

Inclán. *Descripción del fondo documental*, Cátedra Valle-Inclán, Universidade de Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ, Francisco (1991): “Galicia en la obra de Valle-Inclán”, *Valle-Inclán. Homenaje del Ateneo de Madrid*, Exedra ediciones, Madrid.

SERVERA BAÑO, J (1995): “Introducción”. Edición crítica de Valle-Inclán, R, *Claves Líricas*, Espasa-Calpe, Madrid.

VALLE-INCLÁN, J y J (1994): *Entrevistas, conferencias y cartas. Ramón María del Valle-Inclán*, Pre-Textos, Paterna, Valencia.

VLANA, V. (2001): “Valle-Inclán en Cambados”, *Cuadrante 2*, Vilanova de Arousa.

VILLARES, R (2000): “A agricultura galega, 1870-1930. Unha época de grandes transformacións”, en Fernández Prieto, L (Ed.): *Terra e Progreso. I historia agraria da Galicia contemporánea*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.